

Fantasma no corredor



Título:

Autor:

Ilustrador:

Editorial:

Colección:

Nº páxinas:

ISBN:

Idade:

Fantasma no corredor
Agustín Fernández Paz
Óscar Villán

Xerais

Merlín

64

978-84-9782-360-9

De 9 anos en diante

XERAI



o autor

Agustín Fernández Paz

Pode considerarse un dos máximos expoñentes da literatura infantil e xuvenil galega actual. Conta cunha produción ampla e variada, tanto en narración curta como en novela. Grande parte das súas obras están traducidas a outras linguas. Acadou premios de gran prestixio neste campo:

Merlín 1989 por *As flores radioactivas*.

Lazarillo 1990 por *Contos por palabras*.

Edebé 1994 por *Trece anos de Branca*.

Premio Rañolas 1995 por *Cartas de inverno*.

Premio Raíña Lupa 1998 por *Cos pés no aire*.

Premio Barco de Vapor 2003 por *O meu nome é Skywalker*.

Premio Edebé de Literatura Infantil 2005 por *A escola dos piratas*.

Formou parte da Lista de Honor do IBBY e da Lista de Honor da CCEI en máis dunha ocasión.

Foi finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil.

Conta con obra para os primeiros lectores e tamén para a xuventude.

Entre outros, son seus os títulos *O laboratorio do doutor Nogueira*, *Un tren cargado de misterios*, *A praia da esperanza*, *A fuxida do mar*, *Rapazas*, *Aire negro*, *Tres pasos polo misterio*, *A serea da Illa Negra*, *As fadas verdes*, *A cidade dos desexos*, *No corazón do bosque*, *O tesouro do Dragón Smaug*, *O centro do labirinto*, *Noite de voraces sombras*, *Avenida do Parque, 21*, *Amor dos quince anos*, *Marilyn...*

É experto en literatura infantil e xuvenil, cómic e normalización lingüística.

o ilustrador

Óscar Villán (1972)

Aínda que nado en Valladolid, é ourensán de adopción.

Licenciado en Belas Artes pola Facultade de Pontevedra.

Colaborou co Departamento de Educación do CGAC no desenvolvemento dun programa de introdución á arte contemporánea.

A pesar da súa xuventude conta xa cun currículo moi amplo, no que poderíamos destacar a carteleira oficial do Día das Letras Galegas do ano 2005 –dedicado a Lorenzo Varela–, a Guía didáctica de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* ou a campaña de lectura *Hora de ler* da Consellería de Educación.

As ilustracións de *O coelliño Branco* valéronlle o Premio Nacional de Ilustración 1999. Outros libros ilustrados por el son *A cebra Camila*, *A amora*, *Mitos de fin de Siglo*, *O caracol Remoldiño*, *Os dous corcovados*, *A auga está enferma*, *Cando a Terra esqueceu xirar*, *A contar ovellas*, *Adiviñas de animais*, *Contos de barcos...*

o libro

O traslado da familia de Mariña a unha nova residencia enfrontará á rapaza co medo á escuridade. A casa é vella, polo corredor escóitanse ruídos que lle fan pensar na existencia de fantasmas.

Semella que ninguén a cre e tampouco ten moita sorte cando fai os seus experimentos buscando pillar as tundas, como ela as chama.


Finalmente, a nai decide botarlle unha man para facer que desaparezan os seus medos.

temas e valores



Os medos

A que poden responder os medos? Por que temos medo? De que temos medo? Que nos asusta? Por que será? Clases de medos.




As tundas

«Non levan unha saba branca, coma as fantasmas dos castelos, nin son horribles e peludas coma os monstros», pero meten medo da mesma maneira.



A familia

Membros da familia. Outros que tamén son familia aínda que non viven con nós. Os cambios nas familias.




Cando os adultos non nos cren...

En que casos nos sucedeu? Daquela, quen nos comprende? Con quen podemos falar? Como nos sentimos? En que cremos nós que non cren os adultos? En que cren eles que non cremos nós?




Artellar plans para sorprenden ás fantasmas

Mariña é unha rapaza con moita capacidade de enfrontarse aos problemas. Cres que o que ela fai é buscar a maneira de descubrir as fantasmas para poder convencer aos demais ou para vencelos?



Roles de homes e mulleres

Que son quen de facer os homes e as mulleres que aparecen no relato? Cres que asumen os roles tradicionais ou conseguen vencer eses «medos» amosando unha visión non discriminatoria? Que pode significar o feito de que o protagonista sexa unha nena?



Cambios de residencia

En cantas casas temos vivido? As razóns para estes cambios. Gustos e desgustos que nos provocan.

actividades

* As actividades que se propoñen, a continuación, están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Comentaremos o que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Xogamos co título: cambiamos determinadas palabras, pensamos se nos lembra outros, escribímoslle un texto...
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento do mesmo. Deixamos que vaian agromando os coñecementos previos acerca deste tema, falamos doutros libros que tamén o tratasen.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Podemos elaborar a actividade axudándonos coa lectura da lapela na que aparecen os seus datos e revisando a outra lapela na que se recollen todas as obras de Agustín Fernández Paz publicados nesta colección.
- Buscamos todos os libros que teñamos na biblioteca escolar deste autor e realizamos unha exposición. Podemos facer o mesmo cos libros ilustrados por Óscar Villán.
- Na biblioteca escolar documentámonos acerca destes dous creadores.
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar a biobibliografía de cada un deles.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos a dedicatoria e, unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.
- Buscamos unha cita que nos pareza axeitada para colocar neste libro.
- Realizamos un punto de lectura co que marcar onde estamos lendo. Terá que ter relación co tema.

Ao longo da lectura

- Identificamos quen nos conta a historia.
- Falamos das cousas que nos asustan (se non nos apetece facelo oralmente, podemos escribilo).
- Realizamos unha posta en común sobre películas de medo que teñamos visto. Debemos facer un exercicio de memoria para que non se nos esqueza ningunha. Analizaremos cales son os temas que máis se repiten e cales son as escenas que nos asustan máis.
- Tratamos de ver unha película de medo e nela observaremos a música, a iluminación, as escenas que máis nos impresionan...

actividades

- Mariña ten unha cámara fotográfica e con ela quere descubrir as tundas. Seguro que algunha vez pensaches en fotografar cousas especiais. Este pode ser o mellor momento para facelo. Podes plasmar sentimentos, sensacións e tamén aquelas cousas que só semellan estar na túa imaxinación.
- Nos álbumes de fotos recóllese, ás veces, a historia da familia. Repasa os da túa para elaborares unha autobiografía fotográfica ou a biografía dalgún outro membro da familia.
- As fotos das nevadas resúltannos moi especiais, tal vez porque non estamos afeitos a elas. É coma se o mundo quedase plasmado en branco e negro despois de que alguén roubase as cores ou coma se sobre unha cartolina negra pintaras con lapis de cor branca. Conta os teus días na neve e ilústraos con debuxos ou fotos.
- Mariña vai elaborando unha serie de plans para descubrir as tundas. Enumera cada un deles e explica cal é o resultado.
- Tras realizar a lectura, poñémoslle un título a cada un dos capítulos que aparecen numerados.
- Repasamos cales son os castigos que lle impoñen a Mariña e opinamos se nos parecen xustos ou non.
- «Eu estaba na sala, pintando un bosque con moitos animais.» O ilustrador non representa esa imaxe, podes facelo ti.
- A nai de Mariña é _____. En ningún momento se nos di a que se dedica o pai, así que che toca a ti inventarlle unha profesión. Tamén terás que adiviñar que estudos cursou o seu irmán e a idade de Beba. Seguro que o fas de marabilla.
- A nai de Beba «é unha artista traballando con cables e enchufes». En que é unha artista a túa nai? E o teu pai?
- Cita algunha das ferramentas que se necesitan para traballar como electricistas.
- «Mesmo parecía que xa estabamos no Nadal!» –di Mariña despois de envolver con celofán de cores algunha lámpada. Sabías que desa maneira fanse os filtros máis sinxelos en teatro? Pensa nas luces de Nadal que lembrás e realiza deseños para o próximo alumeadado.
- A nai de Mariña é ilustradora e, cando remata un traballo, esténdeo para poder observar toda a historia dunha mirada. Pensa na historia que máis che apeteza ilustrar e fai ti o mesmo.
- Observamos as ilustracións, comentámolas entre nós, escollemos a que máis nos gusta e argumentamos a elección.
- Escribímoslle pés de foto ás ilustracións.
- Pensamos en como debuxaríamos nós as fantasmas do corredor. Facémolo.
- Contestamos:
 - Por que lle chamará tundas ás fantasmas?
 - Como explica cada membro da familia os ruídos que se senten no corredor?
 - Que tipo de música cres que escoita Xavier cando se mete na súa habitación?
 - A Mariña non hai nada que lle guste máis que as apertas. A ti que che parece?
 - Que cres que hai dentro das paredes? Debúxao.
 - A quen se che parece o pai de Mariña?

actividades

- «Xavier anda no seu mundo, coa cabeza chea de paxaros». Como ilustrarías isto?
- «...Camiñan por tras de min, sinto o seu alento na caluga, rózanme coas mans...» Realicemos un debuxo que reflecta este texto.
- Pensemos no que podemos facer con caixas. Seguro que se nos ocorre algunha «instalación».
- «Xavier poñía o dedo na tempa e facíao xirar para os lados cada vez que me vía, coma se estivera tola.» Realicemos unha recompilación de acenos co seu significado. Podemos describilos ou debuxalos e realizar unha especie de dicionario.
- Repasemos o que nos conta Mariña acerca do que fai Beba e pensemos se lle observamos algunha outra actividade a eses bebés.

Antes da lectura

- Na imaxe final, Mariña ten un libro que fala de medos. Se buscades na biblioteca todos os libros desta temática seguro que os atopas, pero ademais, poderás seguir lendo sobre este tema ata facerte unha especialista en medos. Existirá esa profesión?
- Se este libro nos gustou podemos continuar lendo outras obras deste autor.
- Os libros ilustrados por Óscar Villán tamén poden ser do noso interese. Revisémolos e animémonos a lelos.
- Unha vez rematada a lectura cambiámoslle o título ao libro se somos quen de atopar un que nos resulte máis axeitado.
- Escollemos os fragmentos que máis nos gustaron para compartilos cos demais.
- Criticamos o comportamento dun personaxe e defendemos as ideas ou actos doutro.
- Argumentamos a opinión persoal sobre o libro.
- Comentamos os valores que defende o autor por medio da obra.
- Seleccionamos as ideas que nos teñan maior interese.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Continuamos o relato alí onde o autor o deixou, inventándolle outro final. Pode ser a aparición de novos medos...
- Se este libro nos gustou, escribimos un texto recomendando a súa lectura.
- Mariña trasladouse a unha casa máis grande onde cadaquén ten o seu espazo. Pensa en como vos distribuídes na vosa casa e realiza un debuxo con cada un de vós no lugar que lle é máis propio.
- Dependendo do poder adquisitivo, as familias poden ter casas máis grandes ou coches máis potentes, pero ese non é un indicador de felicidade, pois esta consiste en aproveitar en cada momento o que se ten. Ademais, ter cousas ten pouco que ver co que se é ou se chega a ser na vida. Mariña ten a súa propia habitación, agora, pero tamén uns medos que antes non tiña. Opinade respecto a isto.
- As vivendas antigas semellan moi adecuadas para meternos medo, coma se nelas quedaran pegadas historias de vello que saen á luz (ou máis ben á escuridade) algunha vez. Escribamos un conto con ese argumento.

actividades

- Escribamos contos de medo que consigan sorprenden aos demais; para iso tentaremos ser o máis orixinais posible.
- Realicemos un recetario fantástico de remedios para curar os medos. Podería facerse desta maneira ou de calquera outra que nos pareza:
 - Para o medo ás fantasmas vestirse de noite con sabas e andar polos corredores facendo uhhhhhhhhhhhhhh.
 - Para o medo ás bruxas...



Pedidos a:

Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007
Depósito legal: VG. 50-2007